




DON MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA, Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo,

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno desta Excma. Corporación en sesión celebrada o día once de marzo de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

APROBACIÓN SE PROCEDE, DE PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO EN RELACIÓN CO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PÓSTA EN MARCHA DO PORTAL DA TRANSPARENCIA.



Detectado o seguinte erro material na proposta presentada pola Área de Innovación e Tics, Participación cidadá e Transparencia, e que foi aprobada na Xunta de Goberno de data 6 de novembro de 2015, en relación co convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial e os concellos da Provincia, para a posta en marcha do portal de transparencia:

Onde dí:

Na cláusula decimoprimeira “Comisión Provincial de Transparencia”

“a) Tres membros seleccionados por la Diputación Provincial de Lugo de entre las personas pertenecientes a la misma o que estén a su servicio, uno de los cuales será el Diputado del “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” o equivalente, en su caso, quién ostentará la Presidencia de la Comisión.”

Debe dicir:

“a) Tres miembros seleccionados por la Diputación Provincial de Lugo de entre las personas pertenecientes a la misma o que estén a su servicio, uno de los cuales será el Presidente de la Diputación Provincial de Lugo, quién ostentará la presidencia de la Comisión”.

Posteriormente, na Xunta de Goberno de data 4 de marzo de 2016, adoptáronse, entre outros, o acordo de nomeamento, de membros da Comisión Provincial de Transparencia e procedemento para levalo a cabo polos concellos adheridos ao Portal de Transparencia desta Excma. Deputación Provincial .

Detectados os seguintes erros no texto da proposta,

No apartado 1. relativo á proposta de nomeamento de membros da Comisión Provincial de Transparencia seleccionados pola Deputación Provincial de Lugo, onde di:

“Aprobar a proposta de nomeamento de membros da Comisión Provincial de Transparencia seleccionados pola Deputación Provincial de Lugo, tal e como se relaciona a continuación:

Presidente.- D. Pablo Rivera Capón, Deputado da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Presidente suplente.- D. Álvaro Santos Ramos, Deputado da “Área de Promoción Económica e Social”

Restantes membros seleccionados pola deputación provincial de lugo.-

Titular.- D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.





Suplente.-D. José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación e Fomento, da Deputación Provincial de Lugo.

Titular.- D. Nicolás Fariña Vereá, Técnico Superior Informático da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente.-D. Luís Gil Díez, Técnico Superior en Sistemas Informáticos en Rede da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Deputación Provincial de Lugo”

Debe dicir:

1. Aprobar a proposta de nomeamento de membros da Comisión Provincial de Transparencia seleccionados pola Deputación Provincial de Lugo, tal e como se relaciona a continuación:

Presidente.- D. Darío Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Presidente Suplente.- D.Pablo Rivera Capón, “Deputado da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Restantes membros seleccionados pola Deputación Provincial de Lugo.-

Titular.- D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.



Suplente.- D. José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación e Fomento, da Deputación Provincial de Lugo.

Titular.- D. Nicolás Fariña Vereá, Técnico Superior Informático da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente.- D. Luís Gil Díez, Técnico Superior en Sistemas Informáticos en Rede da “Área de Innovación e Tics, Participación Cidadá e Transparencia” da Deputación Provincial de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda a rectificación dos citados erros.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a catorce de marzo de dous mil dezaseis.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE,

P. D. Decreto nº 2616 de 26-10-2015

O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo: Álvaro Santos Ramos

